

CLIMAFRIO (Refrigeración de Riveira S.L.) é unha empresa adicada ao deseño, instalación e mantemento de instalacións de frío industrial e naval, con máis de vintecinco anos de actividade.

No seu afán de lograr unha maior Calidade na súa actividade, así como un maior compromiso cara o coidado do Medio Ambiente e Seguridade e Saúde dos traballadores implantou un Sistema de Xestión de Calidade, Medio Ambiente e SST, acorde cos puntos das Normas *UNE-EN-ISO 9001*, *UNE-EN-ISO 14001* e *UNE-EN-ISO 45001*, segundo os principios seguintes:

- Coñecer, analizar e satisfacer as necesidades e expectativas dos seus clientes.
- Asumir unha actitude proactiva para previr as causas que poidan dar orixe a non conformidades.
- Dispor de infraestrutura adecuada e persoal debidamente formado, facendo especial hincapé na concienciación ambiental e na seguridade no traballo.
- Mellorar a prevención dos danos e evitar o deterioro da saúde dos traballadores.
- Integrar a prevención de riscos laborais no conxunto de actividades e decisións en todos os niveis xerárquicos.
- Mellorar de forma continúa a calidade dos nosos servizos, así como a nosa actitude fronte os impactos medioambientais que xera a nosa actividade.
- Previr a contaminación que puidera xerar a actividade da Empresa
- Optimización dos recursos naturais agotables, facendo especial hincapé na reutilización de residuos inertes, así como na adecuada xestión de outros residuos.
- Operar sempre baixo o estricto cumprimento da lexislación vixente que sexa de aplicación, así como respetar acordos voluntarios adoptados ou requisitos que proveñan dos seus clientes.
- Promover a Xestión de Calidade e a Mellora Continua a todo o persoal, en todos os niveis e en todos os procesos da Empresa.

Esta Política que afecta e é responsabilidade de todos e cada un dos integrantes da Organización, é comunicada a toda a empresa para o seu coñecemento, comprensión e cumprimento e está a disposición de toda persoa ou entidade que o solicite. Ademais esta política revísase, analizándoa e actualizándoa para a súa continua adecuación.

Ribeira, a 26 de outubro 2020

DIRECCIÓN